

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE), O COLEXIO OFICIAL DE ADMINISTRADORES DE FINCAS D GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE AUDITORES SOCIO-LABORAIS, PARA A PREVENCIÓN E DETECCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ENTORNO VECIÑAL

A Coruña, 15 de Febreiro de 2017

REUNIDOS

Dunha banda, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, representada por D. Alfonso Rueda Valenzuela, en virtude do Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no exercicio das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, o Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA), CIF Q1567001A, representado neste acto por D Martín Bermúdez de la Puente González del Valle, que actúa en nome e representación de COAFGA, en virtude da súa condición de Presidente, de Convenio co nomeamento outorgado segundo o disposto nos artigo 3 dos seus estatutos

E doutra, a Asociación Española de Auditores Socio-Laborales “CEAL”, CIF G82254798, representada neste acto por Dna María Ángeles García Pérez, que actúa en nome e



XUNTA DE GALICIA



representación da mesma, en virtude da súa condición de representante legal, de Convenio co nomeamento outorgado segundo o disposto nos artigos 22 e 23 dos seus estatutos

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e acordar e,

EXPOÑEN

Primeiro.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

Segundo.

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

Terceiro

Que a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece no seu artigo 6 que o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero. No mesmo artigo 6 tamén se establece que a Xunta de Galicia levará a cabo accións de sensibilización dirixidas á poboación masculina, que incida na necesidade de promover unha sociedade máis igualitaria entre mulleres e homes.



XUNTA DE GALICIA



Cuarto

Que a Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de cale de actuación e colaboración para conseguir, entre outros, no ámbito social, unha atención integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Quinto

Que o Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA), segundo o disposto no artigo 1 dos seus estatutos, constitúese como unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia. Así mesmo, nos seus Estatutos recóllese entre os principios xerais que rexen a profesión de administración de fincas, a de procurar manter a mellor relación e convivencia entre as persoas propietarias nas comunidades que administran.

Sexto

Que a Asociación Española de Auditores Socio-Laborales “CEAL” , segundo o disposto nos artigos 1 e 2 dos seus estatutos, constitúese como unha entidade asociativa con personalidade xurídica propia. Así mesmo, no artigo 3 dos seus Estatutos, a Asociación Española de Auditores Socio-Laborales “CEAL” recolle entre as súas finalidades básicas as de fomentar o interese polo estudo e investigación en materias socio-laborais e de xénero, prevención do acoso laboral, sexual e por razón de sexo, e prevención da violencia de xénero, así como calquera outra discriminación ilícita no ámbito do traballo.

Sétimo

Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren.



XUNTA DE GALICIA



A violencia de xénero é un delito en moitos casos invisible, que en numerosas ocasións ten lugar na intimidade dos fogares, polo que a colaboración de todos os axentes, entidades e persoas é clave para a súa detección e para ofrecer axuda ás súas vítimas.

Oitavo

Que o Convenio de Istambul, que entrou en vigor de forma xeral e para España o 1 de agosto de 2014, recolle no seu artigo 9 que os Estados membros fomentarán e apoiarán a todos os niveis, o traballo das Organizacións non Governamentais pertinentes e da sociedade civil que sexan activas na loita contra a violencia contra as mulleres, e establecerán unha cooperación efectiva con ditas organizacións

Por un lado, dado o contacto tan directo que as persoas colexiadas integradas en COAFGA que se dedican profesionalmente á Administración de fincas teñen cos propietarios e propietarias dos inmobles nos que desenvolven as súas tarefas, que os coloca nunha situación privilexiada para transmitir información ás persoas propietarias.

Por outro lado, dado o papel tan activo na prevención e loita contra a violencia de xénero que a Asociación Española de Auditores Socio-Laborales “CEAL” está a levar a cabo en Galicia, fundamentalmente no ámbito de empresa e as organizacións laborais.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público establecer una liña de traballo conxunto con ambas entidades, e propónse a colaboración co Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) e coa Asociación Española de Auditores Socio-Laborales “CEAL para canalizar o dito interese.

Por todo o indicado, todas as partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS



XUNTA DE GALICIA



PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, o Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) e a Asociación Española de Auditores Socio-Laborales (CEAL), para o apoio na prevención e detección de situacións de violencia de xénero nas comunidades de propietarios e propietarias nas que estean presentes os administradores e administradoras de fincas colexiados/as por mor do seu exercicio profesional, así como na distribución e difusión do material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia contra as mulleres que se elabore conxuntamente entre as entidades e a Secretaría Xeral da Igualdade, ou que este departamento poña á súa disposición, coa finalidade de procurar a maior difusión posible da mesmo.

O carácter singular do presente Convenio, ven determinado por razóns de interese público, e cómpre sinalar que na nosa Comunidade Autónoma, só no pasado ano 2016, máis de 1.000 mulleres foron vítimas directas da violencia de xénero, 3 delas con resultado de morte, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos, e a apoiar ás súas vítimas, e leva á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a establecer a presente colaboración.

SEGUNDA.-Compromisos das partes.

a) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría xeral da Igualdade, comprométese a facilitar o material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero que elabore, ao Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) e á Asociación Española de Auditores Socio-Laborales (CEAL), así como a poñer á súa disposición persoal técnico especializado para a coordinación conxunta de actuacións e para a elaboración de contidos para accións formativas sobre violencia de xénero a incluír no seus programas de formación se é o caso, de xeito que permita ás e a aos profesionais membros de ambas organizacións ampliar os seus coñecementos ao respecto e coñecer pautas de actuación.



XUNTA DE GALICIA



b) O Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) comprométese a facilitar ás persoas colexiadas tanta información se sexa requirida en relación á prevención e detección de situacións de violencia de xénero, así como a a distribuír e difundir por distintos medios (físicos, portais web, redes sociais, etc) , o material que se elabore no marco da colaboración establecida neste Convenio, así como aquel outro que a Secretaría Xeral da Igualdade poña á súa disposición, recomendando a colocación do dito material en lugares visibles e accesibles para as persoas que integran as comunidades de propietarios e propietarias que administran, coa finalidade de procurar a maior difusión posible do mesmo, e contribuír á sensibilización social no rexeitamento conxunto da violencia de xénero

c) A Asociación Española de Auditores Socio-Laborales “CEAL”, comprométese igualmente a facilitar tanta información se sexa requirida en relación á prevención e detección de situacións de violencia de xénero , a difundir esta iniciativa entre todas as persoas que a integran, as entidades públicas o privadas coas que teñan relacións, e contribuír mediante a sensibilización social nos diferentes ámbitos nos que está presente. no rexeitamento da violencia de xénero, apoiando ademais na difusión do material informativo que se puidese facilitar por parte da Secretaría Xeral da Igualdade e facilitando contidos específicos sobre a violencia de xénero nas contornas de traballo.

TERCEIRA.- Financiamento.

Para a execución das actividades que leva consigo o desenvolvemento deste Convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría xeral da Igualdade, articulará os instrumentos axeitados para sufragar o seu custo, mediante os mecanismo que se considere oportuno conforme a dereito.



XUNTA DE GALICIA



CUARTA.-Duración.

O presente Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017.

QUINTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto dependentes do Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) ou da Asociación Española de Auditores Socio-Laborales “CEAL”, e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría Xeral da Igualdade) de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

SEXTA.-Causas de extinción.

Será causa de extinción deste Convenio

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.
- d) A finalización da vixencia.

SÉTIMA.- Protección de datos

O Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) e á Asociación Española de Auditores Socio-Laborales “CEAL” quedan obrigadas a gardar o segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal das persoas usuarias das actuacións previstas neste Convenio dos que puidesen ter coñecemento, tanto dos contidos en ficheiros automatizados se fora o caso, como dos rexistrados en soportes físicos susceptibles de tratamento automatizado. Esta obriga subsistirá aínda cando finalice a súa colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e demais normativa que a desenvolva.



XUNTA DE GALICIA



Os datos de carácter persoal obxecto do tratamento automatizado estarán sometidos, no que respecta á súa comunicación, ao disposto no artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

OITAVA.- Publicidade.

Este Convenio será obxecto de publicación de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes do presente Convenio comprométense a destacar nas actividades que se realicen para a difusión das accións previstas no Convenio, a colaboración prestada polas outras partes asinantes.

NOVENA.- Seguimento e Control.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do Convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase proceder de conformidade co disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: A Secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.
- Polo Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA), o seu Presidente persoa que este dispoña para que a substitúa.
- Pola á Asociación Española de Auditores Socio-Laborales “CEAL”, o seu Presidente persoa que este dispoña para que a substitúa.



XUNTA DE GALICIA



E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado e a un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

O PRESIDENTE DO COLEXIO OFICIAL
DE ADMINISTRADORES DE FINCAS DE
GALICIA

Alfonso Rueda Valenzuela

Martín Bermúdez de la Puente González del
Valle

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN
ESPAÑOLA DE AUDITORES SOCIO-
LABORALES “CEAL”
(PD do Presidente)

M^a de los Ángeles García Pérez